

## COMENTARIO DE GRÁFICA SOBRE A PRODUCCION FINAL AGRARIA E POBOACIÓN OCUPADA NESTE SECTOR



CLASIFICACIÓN da GRÁFICA:

É unha gráfica lineal que utiliza liñas para mostrar a evolución, neste caso de dúas variables, entre os anos 1950 e 2007. As variables son: 1) evolución da poboación no sector primario ( en verde) e 2) a evolución dos seus participantes no PIB (Producto interior bruto) (en vermello). **O PIB é o valor total da produción obtida a lo largo dun ano nun territorio determinado e en todo tipo de actividades económicas.**

A fonte é o INE (Instituto Nacional de Estadística) e o ano 2007. A representación gráfica emprega un eixe de coordenadas no que representa o tempo (1950-2007) na liña de abscisas e o valor das dúas variables na liña de ordenadas.

COMENTARIO

As actividades do sector primario (agricultura, gandería, pesca e explotación forestal) dan traballo ao 4´2 da poboación ocupada española e xeran o 2´3% do Producto Interior Bruto según datos do INE en 2015. (No gráfico, do ano 2007, era o 2´9% do PIB e 4´5% da poboación ocupada por non dispor eu dun gráfico máis actualizado).

O número de ocupados nestas actividades manifesta un constante descenso, mentres que o valor da súa produción se eleva como resultado dun incremento persistente da produtividade. Este crecemento non aparece reflectido no PIB debido a que os restantes sectores económicos, industria, construción e, sobre todo, servizos, aumentan en maior medida.

Esta situación presenta unha evolución dun lento pero continuo descenso do sector primario español. Esta redución, tanto en número de persoas ocupadas no sector primario como da súa participación no PIB, non se produciu dunha forma continua, senón que cabe diferenciar dous períodos: de 1950 a 1970 e desde 1970 ata a ctualidade como se ve na gráfica.

**DE 1950 A 1970 o descenso sucede de forma rápida e acusada.** É o período do *Desarrollismo* e da industrialización en España. As principais causas deste descenso foron:

- O desenvolvemento da industria e os servizos xerou moitos empregos con mellores remuneracións ca as actividades agrarias e pesqueiras.
- As cidades que se desenvolvían industrialmente ofrecían máis oportunidades e mellores servizos ca os dos espazos rurais.
- O medio rural tivo un forte crecemento demográfico que non foi acompañado dun aumento do emprego. A actividade agraria mecanizouse o que reduciu a necesidade de man de obra.

Con estas circunstancias, iniciouse un masivo **éxodo rural**. Un terzo da poboación española se trasladou do campo á cidade.

**Desde 1970** o descenso continúa pero de forma máis lenta e suave, e obedece a outras causas:

- As actividades agrarias españolas presentan problemas de competitividade nun mercado globalizado, xa que teñen maiores custos de produción ca noutros países.
- Os espazos rurais seguen ofrecendo rendas máis baixas e menos e peores servizos ca os espazos urbanos.
- As políticas agrarias europeas (España ingreso una UE en 1986) e españolas promoveron o abandono da ocupación na agricultura mediante xubilacións, o desenvolvemento doutras actividades no medio rural etc....

Porén hai que ter en conta que a importancia das actividades agrícolas e gandeiras non dependen exclusivamente do seu peso na economía; tamén cumpren outras funcións que cada vez cobran maior relevancia:

**-Organizan e dan forma aos espazos rurais.** Delas depende o mantemento e calidade de vida e ambiental de espazos que cobren a maior parte do territorio.

-Destas actividades depende o subsector da **industria agroalimentaria**, que supón o 22'5 % da produción industrial española, o 6'8% do PIB e emprega o 2'7% da poboación ocupada.

**-O comercio exterior de produtos agrarios e de produtos alimenticios, bebidas e tabacos** supón o 15'7% das exportacións fronte o 11'4% das importacións o que supón un saldo comercial positivo.